

NENAS E NENOS CANTAN A
CESTELO
NO BICO UN CANTAR 2025



6 DE XUÑO, RIANXO

ଓଡ଼ିଆ
ଟିଏ
ଲିଖିତ

O certame musical *No bico un cantar* é unha iniciativa do Consello da Cultura Galega, en colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, que se celebra no abrente do verán desde o ano 2013 en diferentes concellos de Galicia. O desexo de poñer música á tradición literaria galega para divulgala entre o alumnado dos conservatorios e centros de ensino musical de toda Galicia está na orixe deste evento, que é algo máis que un concerto. Trátase dunha xornada de convivencia de nenas e nenos de toda Galicia que, desde o ensaio da mañá ata o concerto da tarde, gozan do lugar de acollida e dunha paixón compartida: a música.

No bico un cantar chega en 2025 á súa novena edición presencial e será a vila de Rianxo a que nos acolla. Os concertos anteriores tiveron lugar en Santiago de Compostela, Celanova, Cambados, Cangas, Mondoñedo, Betanzos, Tui e Ribadavia e neles foron cantados Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, os trovadores medievais, os autores mindonienses, os alalás, os autores da Raia e a Xeración Nós.

Este ano 2025 celebramos a Afonso Daniel Rodríguez Castelao con motivo do 75.^o aniversario do seu pasamento en Bos Aires o 7 de xaneiro de 1950. E facémolo en Rianxo, a vila onde naceu en 1886, non lonxe da casa familiar que o converteu en veciño doutros autores ilustres como Rafael Dieste e Manuel Antonio.

Baixo a dirección do mestre Maximino Zumalave e co acompañamento do Quinteto de metais Hércules Brass, os versos dos máis insignes autores e autoras galegos cobran vida nas voces de cincocentas nenas e nenos procedentes de conservatorios profesionais de música dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional das sete cidades galegas e do alumnado dos centros de ensino musical da contorna do lugar de celebración. Este ano contamos, ademais, coa colaboración especial do alumnado do Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstol de Bos Aires. Desde ambas as dúas beiras do Atlántico as voces infantís construírán unha ponte que unirá a vila natal de Castelao coa cidade porteña na que o intelectual viviu os derradeiros anos e morreu exiliado en 1950.

É Rianxo terra de literatura, de música, de mar e de emigración. Todos estes elementos estarán presentes nun repertorio que inclúe a gabanza á vila mariñeira lembrada con saudade desde América, o canto elexíaco a Afonso Daniel Rodríguez Castelao, o lamento pola fermosa Lela de *Os vellos non deben namorarse* e a alegría da primavera arrastrada polo maio longo de Rosalía de Castro.

Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950) foi un intelectual, artista plástico, escritor e dirixente político que se converteu nun referente indiscutido do galeguismo e do nacionalismo, un clásico das letras galegas e unha das figuras máis representativas de Galicia. Títulos como *Sempre en Galiza*, *Un ollo de vidro*, *Retrincos*, *As cruces de pedra na Bretaña*, *Os vellos non deben de namorarse* ou *Cousas da vida* constitúen obras capitais do humorismo, do pensamento, do teatro e do relato curto da cultura galega contemporánea. Así mesmo, foi un político activo durante a II República e promotor do Estatuto de autonomía, polo que, tras a Guerra Civil, tivo que exiliarse en América, onde morreu en 1950. A obra de Castelao, que mestura a tradición popular galega coa vangarda e o local co universal, fica decote atravesada pola mirada dos nenos e nenas, a quen deu especial protagonismo tanto nas súas achegas literarias como gráficas. Estas recollen a inocencia e a tenrura infantís, pero tamén a tristura ante as inxustizas. Castelao escribe e debuxa nenos e nenas que preguntan en alto o que todos nos interrogamos algunha vez. A súa ollada pura e desprexuzada acaba sendo a máis honesta, a que con maior claridade olla o mundo e nos permite achegarnos a el sen filtros nin condescendencias.

Xaora, dos beizos da rapazada sae a máis fermosa filosofía en títulos como *Cousas da vida*, *Cousas* ou *Os dous de sempre*, a única novela asinada por Castelao e que dá comezo con este prólogo:

Aos mozos galegos

Eu quero dedicaros esta miña primeira novela. Fíxena para derrama-lo tempo que me sobraba, máis que para senti-lo gozo de crear unha peza de arte. Prestoume horas de vida feliz e xa me daría por satisfeito co que me divertín ó escribila; pero foi maxinado con tanta ledicia e composto con tanto amor que algo terá de bo. Estou seguro de que non é unha gran obra; pero é tan humán e tan miña que non podería ofrecervos nada mellor.

Tampouco nós lle poderíamos ofrecer nada mellor a Castelao, nin máis humano nin máis noso, que o canto de cincocentos nenos e nenas neste Rianxo natal que el tanto amou e polo que tanta saudade sentiu desde o desterro.

Abofé que foi maxinado con tanta ledicia e composto con tanto amor que algo terá de bo.

Desexamos que gocen del.

NO BICO UN CANTAR

Nenas e nenos cantan a Castelao

Venres 6 de xuño de 2025

Praza de Rafael Dieste | 18:00 h

RIANXO

AS LETRAS

Xesús Frieiro Dourado é o autor de «Bicos do mar» e «Ondiñas da nosa ría. A rianxeira»; Emilio Pita escribiu «Daniel» e Afonso Daniel Rodríguez Castelao, «Lela». O poema «Maio longo» pertence á obra *Follas novas*, da escritora Rosalía de Castro.

AS COMPOSICIÓNS

Anxo Romero Lojo compuxo *Bicos do mar* e *Ondiñas da nosa ría. A rianxeira*. Rosendo Mato Hermida musicou *Lela* e José Baldomir creou a partitura *Maio longo*. Pola súa banda, José Luís do Pico Orjais elaborou por encargo a composición *Daniel*. Esta é a súa estrea absoluta. Juan Durán realizou os arranxos musicais para coro e sexteto de metais de todas esas composicións.

O DIRECTOR

Maximino Zumalave

INTÉRPRETES

O Quinteto de metais Hércules Brass acompañanos desde a primeira edición. Os intérpretes nesta ocasión son Alejandro Vázquez (trompeta), Víctor Manuel Vilariño (trompeta), Pedro Pintos (trompa), Iago Ríos (trombón), J. Miguel Franqueiro (tuba) e Pablo Fernández Guzmán (trompa).

VOCES

As nenas e nenos que participan na actividade pertencen aos seguintes centros: CMUS Profesional da Coruña, CMUS Profesional Xan Viaño de Ferrol, CMUS Profesional Xoán Montes de Lugo, CMUS Profesional de Ourense, CMUS Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra, CMUS Profesional de Santiago de Compostela, CMUS Profesional de Vigo, CMUS Profesional Felipe Paz Carbajal de Noia, CMUS Profesional de Ribeira Enrique Paisal, ESMU Municipal de Porto do Son, ESMU Municipal de Carnota, ESMU Municipal de Santiago de Compostela, EMUSPR de Rianxo, Consorcio para a Promoción da Música (Coro Infantil OSG), Coro da Escolanía da Catedral de Santiago de Compostela e Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstol de Bos Aires.

A MANTEDORA

Rosa Aneiros

ORGANIZAN

Consello da Cultura Galega

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

COLABORA

Concello de Rianxo

Galliard Battaglia

S. Scheidt

Bicos do mar

Xesús Frieiro Dourado

Anxo Romero Lojo

Lela

Afonso Daniel Rodríguez Castelao

Rosendo Mato Hermida

Ondiñas da nosa ría. A rianxeira

Xesús Frieiro Dourado

Anxo Romero Lojo

Fanfarria Rhaptosodya n.º 1

P. Dukas - J. Viceiro

*Daniel**

Emilio Pita

José Luís do Pico Orjais

Maio longo

Rosalía de Castro

José Baldomir

BICOS DO MAR


Teño un amor en Rianxo
e outro en Vilagarcía,
para ve-los meus amores
teño que cruza-la ría.
Teño que cruza-la ría,
teño que cruza-la ría,
teño un amor en Rianxo
e outro en Vilagarcía.



Non lle temas, mariñeiro,
ao ventíño do mar,
que o vento mareiro
dá mellor navegar.
Se navegas pola ría
de Rianxo verás
as estrelas e a lúa
darlle bicos ao mar.

[...]

En noite de lúa clara
estrelíña relocente,
en noite de lúa clara
que paisaxes máis fermosas,
haiche na nosa bisbarra,
haiche na nosa bisbarra,
estrelíña relocente
en noite de lúa clara.



«Bicos do mar», de Xesús Frieiro Dourado, en Manuel Vicente «Chapí» [1995]:
Antoloxía poético-musical rianxeira, Concello de Rianxo.

Bicos do mar

(Versión para coro infantil e sexteto de metais)

Texto de Xesús Frieiro Dourado, música de Anxo Romero Lojo

Arranxo de Juan Durán (2025) para o Consello da Cultura Galega

Andante *mp*

Te-ño.un a-mor en Ri-an - xo e ou tro.en Vi la gar cí a,___
En noi - te de lú - a cla - ra es-tre - li - ña re-lo-cen-te,___

9

pa ra ve los meus a - mo - res te - ño que cru - za - la rí - a,___
en noi-te de lú - a cla - ra que pai - sa - xes máis fer-mo-sas,___

13 *mf*

te - ño que cru-za-la rí - a, te - ño que cru-za-la rí-a,___ te-ño.un a-mor en Ri-
hai-che na no-sa bis-ba-rra, hai-che na no-sa bis-ba-rra, es - tre - li - ña re-lo-

18 *f*

an - xo e ou - tro.en Vi - la - gar - cí - a.___ Non lle te - mas ma-ri-ñei - ro ao ven-
cen - te en noi - te de lú - a cla-ra___

22

ti-ño do mar, que o ven-to ma-rei-ro dá me-llor na-ve-gar. Se na-ve-gas po-la rí-a de Ri-

26

an-xo ve-rás as es-tre-las e.a lú-a dar-lle bi-cos ao mar. bi-cos ao mar.___

DANIEL



Durmido como un neno
sen o colo da nai,
doce berce da noite
silandeiro abalar.

Unha mañá senlleiro
aos ombreiros do mar
e nas pólas do vento
a terra espertará.



Pita, Emilio (1974): *Serán*, Vigo, Galaxia.

Daniel

(Versión para coro infantil e sexteto de metais)

Texto de Emilio Pita, música de José Luis do Pico Orjais

Arranxo de Juan Durán (2025) para o Consello da Cultura Galega

Moderato

17 *p*

Dur - mi - do _____ co - mo un ne - no _____

22

_____ sen o _____ co - lo da nai, _____ do - ce _____

28

_____ ber - ce da noi - te _____ si - lan - dei - ro a - ba -

33

lar, _____ do - ce _____ ber - ce da noi - te _____ si - lan -

39

dei - ro, si - lan - dei - ro a - ba - lar. _____ 17 Un - ha _____

61

_____ ma - ñá sen - llei - ro _____ aos om - - brei - ros do mar _____

67

_____ e nas _____ pó - las do ven - to _____ a

72

te - rra es - per - ta - rás, _____ e nas _____

77

_____ pó - las do ven - to _____ a te - rra a _____

81

te - rra. es - per - ta - rás. _____ 17



Rodríguez Castelao, Afonso Daniel [2000]: «Coro de boticarios»,
en *Os vellos non deben de namorarse*, Vigo, Galaxia.

LELA

Están as nubes chorando
por un amor que morreu,
están as rúas molladas
de tanto como choveu.

Lela, Lela,
Leliña por quen eu morro,
quero mirarme
nas meniñas dos teus ollos.

Non me deixes
e ten compasión de min.
Sen ti non podo,
sen ti non podo vivir.

Dáme alento coas túas palabras,
dáme celme do teu corazón,
dáme lume coas túas miradas,
dáme vida co teu doce amor.

Lela, Lela,
Leliña por quen eu morro,
quero mirarme
nas meniñas dos teus ollos.

Non me deixes
e ten compasión de min.
Sen ti non podo,
sen ti non podo vivir.

Lela

(Versión para coro infantil e sexteto de metais)

Texto de Afonso Daniel Rodríguez Castelao, música de Rosendo Mato Hermida

Arranxo de Juan Durán (2025) para o Consello da Cultura Galega

Andante **6** *p*

Es tán as nu bes cho ran do por un a mor que mo rreu

11

Es tán as rú as__ mo lla das de tan to co mo__cho veu. Es tán as nu bes cho

16

ran do por un a mor que__mo rreu Es tán as rú as__ mo lla das

21 *mf*

de tan to co mo cho veu. Le__ la, Le la... Le li ña por quen eu mo rro,__

27 *p* *mf*

que ro mi rar me nas me ni ñas dos teus o llos.__ Non__me dei xes__

33

e ten com pa sión de min__ sen ti non po do, sen ti non po do__vi vir

39 **4** *p*

Dá__me.a-len to cas tú as__ pa la bras, dá__me

46



cel me do teu co__ra zón. Dá__me lu me cas tú as__mi ra das, dá me

50



vi da co teu do__ce.a - mor__ *mf* Le__la, Le la... Le li ña por quen eu

55



mo rro,__ *p* que ro mi rar me nas me ni ñas dos teus o llos.__ *mf* Non__me

61



dei xes__ e ten com pa sión de min__ sen ti non po do,

66



sen ti non po do vi vir__ *rit...* sen ti non po do, sen ti non po do vi - vir.__

ONDIÑAS DA NOSA RÍA. A RIANXEIRA

A Virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira
descalciña pola area
parece unha rianxeira.

Ondiñas veñen, ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van,
non te embarques rianxeira
que te vas a marear.

Á Virxe de Guadalupe
quen a puxo moreniña?
Foi a raíña do sol
que entrou pola ventaniña.



A rianxeira

(Versión para coro infantil e sexteto de metais)

Texto de Xesús Frieiro Dourado, música de Anxo Romero Lojo

Arranxo de Juan Durán (2025) para o Consello da Cultura Galega

Moderato *mf*

The musical score is written for a vocal ensemble in G major, 6/8 time. It consists of 35 measures. The tempo is marked 'Moderato' and the dynamic is 'mf'. The score includes lyrics in Galician. The melody is simple and repetitive, with some variations in rhythm and pitch. The lyrics are: 'A Vir-xe de Gua-da - lu-pe can-do vai po - Á Vir-xe de Gua-da - lu-pe quen a pu-xo la ri-bei-ra Á Vir-xe de Gua-da - lu-pe can-do vai po - la ri-bei-ra mo-re-ni - ña Á Vir-xe de Gua-da - lu-pe quen a pu-xo mo-re-ni - ña des-cal-ci-ña po-la.a - re-a pa - re-ce.un-ha ri - an-xei-ra des- foi a ra-í - ña do sol que.en-trou po - la ven-ta-ni - ña foi cal-ci-ña po-la.a - re-a pa - re-ce.un-ha ri - an-xei-ra On-di-ñas a ra-í - ña do sol que.en-trou po - la ven-ta-ni - ña ve - ñen on - di - ñas ve - ñen on - di - ñas ve - ñen e van non te.em-bar-ques ri-an-xei - ra que te vas a ma-re - ar. On-di-ñas ve-ñen on-di-ñas ve-ñen on-di-ñas ve-ñen e van non te.em-bar-ques ri-an-xei-ra que te vas a ma-re - ar. A

A Vir-xe de Gua-da - lu-pe can-do vai po -
Á Vir-xe de Gua-da - lu-pe quen a pu-xo

11
la ri-bei-ra Á Vir-xe de Gua-da - lu-pe can-do vai po - la ri-bei-ra
mo-re-ni - ña Á Vir-xe de Gua-da - lu-pe quen a pu-xo mo-re-ni - ña

16
des-cal-ci-ña po-la.a - re-a pa - re-ce.un-ha ri - an-xei-ra des-
foi a ra-í - ña do sol que.en-trou po - la ven-ta-ni - ña foi

21
cal-ci-ña po-la.a - re-a pa - re-ce.un-ha ri - an-xei-ra On-di-ñas
a ra-í - ña do sol que.en-trou po - la ven-ta-ni - ña

25
ve - ñen on - di - ñas ve - ñen on - di - ñas ve - ñen e van

28
non te.em-bar-ques ri-an-xei - ra que te vas a ma-re - ar. On-di-ñas


31
ve-ñen on-di-ñas ve-ñen on-di-ñas ve-ñen e van non te.em-bar-ques ri-an-xei-ra

35
que te vas a ma-re - ar. A

MAIO LONGO

Maio longo... maio longo,
todo cuberto de rosas,
para algús telas de morte,
para outros telas de vodas.

Maio longo, maio longo,
fuches curto para min,
veu contigo a miña dicha,
volveu contigo a fuxir.



Castro, Rosalía de [1880]: «Maio longo», en *Follas novas*,
A Habana, La Propaganda Literaria, 64.

Maio longo

(Versión para coro infantil e sexteto de metais)

Texto de Rosalía de Castro, música de José Baldomir

Arranxo de Juan Durán (2020) para o Consello da Cultura Galega

♩ = 52



XESÚS FRIEIRO DOURADO

A música, Rianxo e a emigración á Arxentina tiveron un grande arraigamento na familia de Xesús Frieiro, alcumado *Pinciñas*, quen foi bautizado na parroquia de Nuestra Señora de Balvanera o 19 de xaneiro de 1916. De regreso a Rianxo, con catorce anos, perdeu un ollo por unha pedrada, pouco antes de que a súa familia decidise emigrar de novo, nesta ocasión a Cuba. Con 29 anos, Pinciñas volveu no barco Río Jachal á Arxentina, onde se asentou definitivamente. Unha vez finalizado o servizo militar obrigatorio, frecuentou o Centro Rianxo e formou parte do Coro Castelao, onde coñeceu a Anxo Romero Lojo, que estaba casado coa súa prima Concha e exercía de director do referido coro. Os dous foron coautores da canción *Ondiñas da nosa ría. Rianxeira*, de cuxa letra se encargou el. Casou con María Celsa Vila e traballou de enfermeiro-radiólogo no Hospital do Centro Galego de Bos Aires, onde contraeu unha enfermidade que o levou á tumba.

Fonte: Comoxo, Xosé / Xesús Santos (2022): *Rianxo, terra de músicos*.

EMILIO PITA

En enigmático e continuo trasacordo, Emilio Pita aseguraba que nacera o 10 de outubro de 1907, 1909 ou 1910. Emigrou á Arxentina coa familia e desde a súa chegada —e ata a xubilación, cincuenta anos despois— Pita traballou na Genaro García Ltda., unha casa comercial riopratense dedicada á exportación de cereal. A partir de 1929 escribiu en medios da colectividade galega de Bos Aires e a súa prosa centrouse na política galeguista —nunca na arxentina ou uruguaia—, no uso e defensa do idioma galego e mais en diversos ensaios musicais ou poéticos con predilección por Rosalía, Pondal, Cabanillas, Tolstoi ou Maiakovski. Resaltou tamén como poeta e a relevancia da música na obra do autor é innegable. En 1962, Pita afirmou: «As miñas aficións, logo da poesía, están adicadas á nosa música; principalmente á medieval e ás panxoliñas de Nadal, que din a coñecer en audicións comentadas por pequenos coros de cámara e nenos». Entre esas agrupacións vocais destacan o coro Lembranzas d'Ultreya (1932) —desde 1936 Agrupación Artística e Cultural Ultreya— e o cuarteto Ultreya (1938). Nese labor, entre outros, contou co músico e poeta tudense Manuel Prieto Marcos, que emigrara a Bos Aires en 1927.

Como intérprete, destaca a gravación ao piano da *Muiñeira de Chantada*, usada como sintonía do lonxevo programa radiofónico *Sempre en Galiza* —en antena desde 1950 ata 2006 en Radio Carve e desde 2006 en Radio Oriental—, unha das iniciativas galeguistas no Uruguai nas que Pita se implicou.

Non sabemos de composicións musicais da súa autoría, pero si hai certeza de música patrimonial galega transcrita e/ou arranxada por el. Un caso importante ao respecto —desvelado en 2016 por Do Pico Orjais— é a adaptación musical das cancións de *Os vellos non deben de namorarse* na súa estrea (1941), entre elas a *Cántiga dos boticarios*, máis coñecida por *Lela (serenata compostelá)*. Repárese en que non se trata da canción homónima —e hoxe máis popular— de Rosendo Mato Hermida, tamén vinculada á relevante obra teatral de Castelao.

Emilio Pita faleceu en Bos Aires o día 7 de decembro de 1981 e foi soterrado no panteón do Centro Galego na Chacarita.

Fonte: Groba González, Xavier: Emilio Pita. Publicado o 28/2/2024 no Álbum de Galicia (Consello da Cultura Galega): <https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?per-soa=3114>. Recuperado o 26/02/2025.

AFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950), intelectual, artista plástico, escritor e dirixente político, é un referente indiscutido do galeguismo e do nacionalismo, un clásico das letras galegas e unha das figuras máis representativas da Galicia contemporánea. No seu intenso percorrido vital poden distinguirse tres etapas: inicial (1886-1916), artística (1917-1930) e política (1931-1950). Na primeira etapa define a súa vocación, estuda Medicina pero refuga exercer como doutor para se dedicar ao cultivo das artes plásticas. Na segunda etapa comprométese co galeguismo e o nacionalismo galego na súa condición de intelectual e artista. Na terceira e última etapa, sen abandonar o seu labor creativo, entrégase ao compromiso político, que o leva ás Cortes Constituíntes da II República (1931-1933); á dirección do Partido Galeguista (1932-1936); a formar parte das listaxes da Frente Popular, nas que foi novamente elixido deputado (1936); á defensa da República e do Estatuto durante a Guerra Civil, e, xa no exilio, á Presidencia do Consello de Galiza, fundado por el mesmo en Bos Aires (1944), e a ocupar unha carteira ministerial no Goberno republicano en París (1946-1947).

É autor dunha extensa obra que inclúe narrativa, teatro, ensaio, debuxo e colaboracións periodísticas na prensa da época.

Como narrador ofreceunos *Un ollo de vidro*. *Memorias dun esquelete* (1922), *Cousas* (1926, 1929), *Os dous de sempre* (1934) e *Retrincos* (1934). No teatro destaca a súa obra *Os vellos non deben de namorarse* (1941) e no debuxo, os álbums *Álbum Nós* (1931), *Cincoenta homes por dez réas* (1925), *Cousas da vida* (1925), *Galicia mártir* (1937), *Atila en Galicia* (1937), *Milicianos* (1938), *Debuxos de negros* (1939) e *Cegos: os meus compañeiros* (1941). Ademais, escribiu os ensaios *Diario 1921* (1977), *As cruces de pedra na Bretaña* (1930), *Sempre en Galiza* (1944) e *As cruces de pedra na Galiza* (1950).

Finou en Bos Aires o 7 de xaneiro de 1950 e os seus restos repousan no Panteón de Galegos Ilustres de Santiago de Compostela.

Fonte: Monteagudo, Henrique: Castelao. Publicado o 12/2/2025 no Álbum de Galicia (Consello da Cultura Galega): <https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=3400>. Recuperado o 02/04/2025.

ROSALÍA DE CASTRO

A vida de Rosalía é unha historia realmente apaixonante, chea de interese histórico, cultural e intelectual. O seu relato é entender, desde a perspectiva dunha rapariga filla de nai solteira e fidalga, as claves sociais do seu tempo; é asistir en primeira fila como moza, en Santiago, e tamén en Madrid, a un proceso de formación rico e complexo; é seguirlle os pasos, en Vigo, na Coruña, en Lestrobe..., á súa densa creación literaria e mais ao proxecto que acabou conformando a Galicia dos nosos días. Hoxe as investigacións biográficas sobre a súa figura supuxeron claros avances no debuxo dos seus principais perfís. Aínda así, continúa a ser un reto estudala e explicala na súa totalidade e na súa complexidade.

En prosa e en verso, en galego e en castelán, a obra de Rosalía de Castro ocupa un lugar moi relevante nas letras europeas do século XIX. Os seus manifestos feministas («Lieders» e «Las literatas»), o seu avanzado pensamento político e social (*Follas novas*, *El caballero de las botas azules*) ou a súa decidida posición crítica como intelectual convértena nunha figura literaria que concita sempre un renovado e múltiple interese. Caracterizada por unha persoal retórica e unha orixinal estratexia en que se modernizan os pactos co lector, tanto os do Romanticismo como os do Realismo, a escritora tratou como poucos algúns dos conflitos dialécticos da súa época e as profundidades abisais da subxectividade do eu. Por outro lado, Rosalía de Castro contribuíu como ningún outro autor ou autora do seu tempo na xénese e afirmación do sistema literario galego contemporáneo. A publicación de *Cantares gallegos* en 1863 supuxo un remuíño decisivo na súa obra, pero tamén un golpe estratéxico de enorme transcendencia para o futuro das letras galegas. Era o primeiro libro escrito integramente en galego e contiña as claves da alegoría nacional da Galicia contemporánea, logo redimensionadas en *Follas novas*, obra coa que acabou por selar o vigor e a fortaleza do incipiente sistema. E Galicia como preocupación social e política, sempre sobre o fondo da súa Terra de Iria, continúa sendo o suxeito do seu discurso no que debería considerarse o libro cimeiro da poesía en castelán do XIX: *En las orillas del Sar*.

Fonte: Fundación Rosalía de Castro.

ANXO ROMERO LOJO

Emigrou con 23 anos á Arxentina, onde estaban os seus pais, no barco Sierra Ventana en xaneiro de 1929. Aprendera música na academia do «Bicho» e pertencera á rondalla de José R. Nine, na que tocaba a bandurra. Tamén estivera na Banda de Rianxo, onde tocaba o baixo, de aí que os compañeiros o coñecesen polo alcume de *O Baixo*. Fora un dos fundadores, en 1923, da Sociedad Cultura, xunto con Arcos Moldes.

Na Arxentina, xa casado con Concha Frieiro, dedicouse ao comercio, ao tempo que reorganizou e dirixiu o coro da Sociedad Parroquias Unidas del Ayuntamiento de Rianjo —en 1949, Sociedad Ayuntamiento de Rianjo y Taragoña (Unificadas)—, denominado Coro Castelao. Neste período coñeceu o curmán da súa muller e integrante do referido coro, Xesús Frieiro Dourado *Pinciñas*. Do Coro Castelao saíron diferentes composicións alusivas a Rianxo, como *Pola carballeira*, *Himno a Rianxo* (de Arcos Moldes e que difundiron, a comezos de 1949, polas radioemisoras arxentinas) e *Ondiñas da nosa ría*. *Rianxeira*, con música de Anxo Romero e letra de Pinciñas, na que cantan á rapaza rianxeira, tan presente no cancioneiro popular de Rianxo. Esta canción, como ben se sabe, dedicáronlla a Castelao cando regresou dunha viaxe a París, tras ser nomeado ministro da República Española no exilio. Dela nacería, despois de ser divulgada en Rianxo e nunha emisora de radio de Santiago de Compostela, a composición de Bernardo del Río, *A rianxeira*. Anxo Romero Lojo faleceu na Arxentina o 9 de xullo de 1967.

Fonte: Comoxo, Xosé / Xesús Santos (2022): *Rianxo, terra de músicos*.

ROSENDO MATO HERMIDA

Rosendo Mato Hermida (Vilalba, 1914 - Santiago de Compostela, 1994) foi un músico ligado fundamentalmente ás bandas. Empezou na da súa vila natal, Vilalba, e estivo nela desde 1926 ata 1929. Unha vez trasladado coa súa familia a Santiago de Compostela, ingresou como educando na Banda Municipal de Compostela en 1929, na que comezou a tocar o saxofón tenor aos 15 anos de idade. Reclamárono para incorporarse á fronte durante a Guerra Civil (co relevo de 1935) e caeu ferido. Reincorporouse ao seu posto tras o remate da guerra, mais abandonouno definitivamente por enfermidade en 1945, pois as secuelas das feridas impedíronlle o exercicio na súa praza de instrumentista. Nese mesmo ano tomou a dirección da Banda de Arca - O Pino, na que permaneceu desde 1945 ata 1966. Durante este período simultaneou esa dirección coa do coro Cantigas e Agarimos. En 1961 dirixiu esta agrupación Rodolfo López-Veiga Ponte, un home vinculado á

escena ao longo de toda a súa vida e que se empeñou con moito entusiasmo na montaxe da obra *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Rodolfo López-Veiga encomendoulle a Rosendo Mato Hermida, director artístico da agrupación naquel momento, a tarefa de crear o soporte musical. Rodolfo López-Veiga conseguiu estrear a obra na praza da Quintana de Santiago de Compostela, ás 11 da noite do 25 de xullo de 1961. Foi a súa primeira representación en Europa e coa que obtivo grandes éxitos. A composición de Rosendo Mato Hermida, creada para o «Coro de boticarios» e que exalta e lamenta o intenso sentimento que unha moza ingrata chamada Lela provoca no vello don Saturio, acabou converténdose co paso dos anos en todo un referente musical da historia da música galega. Rosendo Mato Hermida regresou con continuidade á dirección artística de Cantigas e Agarimos en 1970, participou en moitos certames e conseguiu importantes galardóns para a agrupación. Abandonouna definitivamente en 1982 e acabou sendo nomeado Director Honorario en recoñecemento á súa dedicación. En 1974 retomou a dirección da Banda de Arca - O Pino, na que permaneceu ata o ano 1990. Tamén dirixiu neses últimos anos o Coro de Xubilados de Santiago da Obra Social da Caixa de Aforros de Galicia.

Fonte: Mato Gómez, María Dolores (2007): «“Lela”: a sombra dun amor ingrato. En desagravio de Rosendo Mato Hermida», *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, 10, 289-314.

JOSÉ LUÍS DO PICO ORJAIS

José Luís do Pico Orjais (O Grove) é mestre de música (director do CEP X. M.^a Brea Segade de Taragoña), músico popular e divulgador cultural. Tamén é autor do blog: ilhadeorjais.blogspot.com

Da súa autoría son os seguintes libros: *Cantos e bailes da Galiza de José Inzenga* (estudo e edición crítica, 2005); *Ayes de mi país: o cancionero de Marcial Valladares* (en parzaría con Isabel Rei Sanmartim, 2010, Dos Acordes); *Cantos lusófonos. Cancioneiro popular* (escolla e adaptación, 2011, Academia Galega da Língua Portuguesa); *A música de seis poemas universais de Ernesto Guerra da Cal* (en parzaría con Isabel Rei Sanmartim e Joám Trillo, 2012); *Obras musicais de Frederico de Freitas. Dez Canções Galegas para voz e piano* (edición de Helena Marinho e José Luís do Pico Orjais, 2016, Lisboa, AVA Musical Editions); *O legado sonoro de Jacinta Landá Vaz. Galiza, Portugal e Extremadura* (en parzaría con Domingos Morais e Pilar Barrios Manzano, 2017, aCentral Folque); *Cancioneiro escolar urxente de Rianxo. Volume 1* (2020, CEP Xosé María Brea Segade); *Cancioneiro escolar urxente de Rianxo. Volume 2* (2021, CEP Xosé María Brea Segade); *A música represaliada* (2023, Deputación da Coruña).

Na súa discografía destacan: Leixapré (grupo musical): *Na festa do boi* (Elígeme Discos, 1990) e *Gáitropos* (Sonifolk, 1992); María e Miguel (grupo musical): *O barco na alba* (Sons Galiza, 1990) e *Para Miguel* (Do Fol Edicións, 1999); Barahúnda (grupo musical): *Múdanse os ventos* (2017) e *Onde vai o mar* (2018); Alba María (grupo musical): *Aínda* (aCentral Folque, 2014, colaboración); Rosa Leiro e Juan Carlos Cambas: *Camiño aberto. Canto libre de Galicia e Latinoamérica* (Argengalicia, 2023, compositor de dous temas); *O meu primeiro Celso Emilio* e *A miña primeira Rosalía* (2012 e 2013 respectivamente, Edicións Xerais, músico de estudio e directo), e *Poetas. Ilha-deorjais* (2020, disco en solitario).

Alén das publicacións citadas, é autor de numerosos artigos na prensa especializada, así como de músicas para diferentes espectáculos teatrais (Os Quinquilláns, Larraitx Produccións...) e audiovisuais.

JOSÉ BALDOMIR RODRÍGUEZ

Nado na Coruña (1867-1947), este músico e compositor foi discípulo do mestre Marcial Torres del Adalid e coñecido principalmente polas súas producións para canto e piano sobre textos de poetas galegos. Exerceu como director dos orfeóns O Eco e O Brigantino e mais da orquestra Sociedad Bretón de los Herreros, así como dos coros e a orquestra das Hijas de María. Durante máis de trinta anos impartiu a clase especial de Conxunto e Masas Corais da Escola de Belas Artes da Coruña. En 1906 iniciou unha longa xira por numerosas cidades de España, Portugal e Francia, o que contribuíu á difusión dos máis insignes poetas galegos. Foi nomeado académico de número da Real Academia Provincial de Belas Artes da Coruña (1905), académico correspondente da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (1922) e numerario da Real Academia Galega (1941), na que ocupou a vacante do crítico de arte e notable folclorista lugués Indalecio Varela Lenzano. Entre as súas composicións salientan a ópera *A Virxe do Cristal*, sobre o texto —adaptado por Cabanillas— da lenda de Curros Enríquez; a zarzuela *Santos e meigas*, con libreto de Linares Rivas, que alcanzou no teatro madrileño da Zarzuela 137 representacións consecutivas, e máis de corenta melodías, que adoitan interpretarse tanto na versión de voz e piano como na de coral, sobre poemas de autores senlleiros como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas ou Curros Enríquez.

Fonte: *Gran Enciclopedia Galega*.

O Consello da Cultura Galega publicou a súa obra galega completa co título *Melodías galegas de José Baldomir Rodríguez*, en edición de Margarita Viso Soto.

JUAN DURÁN

Está considerado pola crítica e polo público como o máis importante compositor galego da súa xeración e o de maior proxección internacional. No seu catálogo a ópera e a música sinfónica e sinfónico-coral conviven cunha importantísima produción de música de cámara e lied, ademais de con infinidade de arranxos e orquestracións de música popular galega.

Escribiu obras encargadas polas dúas grandes orquestras galegas, a Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia, así como polo Consello da Cultura Galega, a Fundación BBVA ou a Orquesta de la Comunidad de Madrid, coa que estreou as súas obras *Cervantina* ou a cantata *Crisol*.

É autor de *O arame* (2008), a primeira ópera galega en máis de oitenta anos e que se chegou a estrear no Reino Unido. A obra sinfónica e sinfónico-coral de Durán inclúe, entre outras, *Pórtico da Illa de Monteagudo*, o ballet *Hildegart* ou a cantata *Terra*.

As súas obras soan con frecuencia por todo o mundo, desde Europa e os Estados Unidos ata diversos países de América do Sur (A Arxentina, O Brasil, Chile, México), pasando por Hong Kong e Tailandia, e baixo a dirección de grandes batutas do noso tempo, como as de Osmo Vanska, Juanjo Mena, Paul Daniel, Miguel Ángel Gómez-Martínez, Víctor Pablo Pérez e Antoni Ros-Marbà, entre outros moitos.

Nomes como os de Elina Garança, Cristina Gallardo-Domàs ou Isabel Rey ou mesmo o Orfeón Donostiarra cantaron moitas das súas creacións vocais, mentres que a súa música de cámara, sinfónica e vocal foi levada ao mundo do disco en selos discográficos como Brilliant Classics ou Deutsche Grammophon.

Entre outros premios, Juan Durán conta co Premio da Crítica (2009), o Premio da Cultura Galega (2013) e o Premio Reina Sofía de Composición (2018).

Juan Durán foi profesor do Conservatorio Superior de Música da Coruña entre 1987 e 1997, inspector de Educación —na especialidade de Ensinanzas Artísticas— e membro do Consello da Cultura Galega. Na actualidade é académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes e académico correspondente da M. I. Academia de la Música Valenciana.

MAXIMINO ZUMALAVE

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Eliot Gardiner e Helmuth Rilling. Foi fundador e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, e fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum. Tamén foi director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995). Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Gheorghiu, W. Holzmair, as irmás Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, C. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Johnson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial foi a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións estranxeiras e españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, Sinfónica de Praga, Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras. Foi invitado a participar en xurados e a presidir importantes certames e premios internacionais.

Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castiello, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny ou Villa Rojo, e coidou especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buíde, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño.

En febreiro de 1995 foi elixido académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario. No período 2010-2018 foi membro do Plenario e coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega, e entre 2014 e 2018 formou parte da Comisión Executiva desta institución. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao e no ano 2016 foi recoñecido co Premio da Cultura Galega na modalidade de Música. Dirixe a iniciativa *No bico un cantar* desde os seus inicios.

HÉRCULES BRASS

Hércules Brass naceu na Coruña no ano 2012 e está formado por cinco profesionais de vento metal cunha longa traxectoria tocando xuntos, principalmente na Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia e na Joven Orquesta Nacional de España (JONDE).

Nos seus comezos, Hércules Brass foi finalista no 8th International Jan Koetsier Competition for Brass Quintet e semifinalista no 8^{ème} Concours International de Musique de Chambre de Lyon. Ademais, obtivo o primeiro premio no IV Concours de Quintets de Vent-Metall «Valeriano Machi i Esparza» e no eMuse Online Music Competition de 2014. Tivo a oportunidade de estrear obras de compositores como Juan Durán, Xoán Antón Vázquez Casas, Fernando Arias ou David Rivas, e o seu repertorio abrangue diversos estilos, desde a música medieval ata o *swing*.

Na súa traxectoria actuou en Portugal, Suíza, Costa Rica, Asturias, Castela e León, Extremadura, Valencia, Cataluña, Madrid ou País Vasco, así como en multitude de localidades galegas. Destaca a súa participación en festivais como o do 30.^º aniversario da JONDE, o Festival Spanish Brass Alzira, o Festival Ticino Musica, o Curso Internacional Semana Musical de Salceda de Caselas, o Festival Groba, o Festival Son As Pontes e o Festival Bal y Gay. Tamén participou pondo a súa música en multitude de eventos organizados por diversas institucións, entre os que resaltan o proxecto *No bico un cantar*, do Consello da Cultura Galega, os seus concertos pedagóxicos co espectáculo *Os SuperHércules* e a súa participación como protagonista dunha das emisións do programa *Música joven*, en Radio Clásica da RTVE. Como solistas tocaron coa Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia, a Banda Municipal de Santiago, a Banda Unión Musical de Meaño, a Banda Municipal da Coruña e a Orquestra Sinfónica de Galicia, coa que estrearon o espectáculo *Historia do Quinteto Triste e a Bruxa Anónima*. Como quinteto impartiron cursos en Costa Rica, Valencia e Asturias, así como en diversos concellos galegos.

Desde agosto de 2014 organizan o Festival Hércules Brass Celanova, ao que convidan a grandes artistas do panorama internacional para compartir, cos máis novos e co público en xeral, xornadas con clases maxistras e concertos dun alto valor artístico. No ano 2018 publicaron o CD *Le quintet dans la poche* e o 31 de decembro de 2020 participaron no acto de apertura da Porta Santa que deu inicio ao Xacobeo 2021-2022 na catedral de Santiago. Acompañan musicalmente o encontro *No bico un cantar* desde os seus inicios.

As nenas e nenos que participan na actividade pertencen aos seguintes centros: CMUS Profesional da Coruña, CMUS Profesional Xan Viaño de Ferrol, CMUS Profesional Xoán Montes de Lugo, CMUS Profesional de Ourense, CMUS Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra, CMUS Profesional de Santiago de Compostela, CMUS Profesional de Vigo, CMUS Profesional Felipe Paz Carbajal de Noia, CMUS Profesional de Ribeira Enrique Paisal, ESMU Municipal de Porto do Son, ESMU Municipal de Carnota, ESMU Municipal de Santiago de Compostela, EMUSPR de Rianxo, Consorcio para a Promoción da Música (Coro Infantil OSG), Coro da Escolanía da Catedral de Santiago de Compostela e Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstol de Bos Aires.



ROSA ANEIROS

Rosa Aneiros (Meirás, Valdoviño, 1976) é xornalista e traballa no Consello da Cultura Galega. En 1999 presentou a súa primeira novela, *Eu de maior quero ser*, á que seguiron *Corazóns amolecidos en salitre* (2002), *Resistencia* (Xerais, 2003, Premio Arcebispo San Clemente 2003), *O xardín da media lúa* (2004), *Veu visitarme o mar* (Xerais, 2004), *Sol de Inverno* (Xerais, 2009, Premio Xerais de Novela 2009 e Premio Fervenzas Literarias á Mellor Portada de Adultos 2009), *Sibila* (Xerais, 2022) e *A noite das cebolas* (Xerais, 2024).

Para público mozo publicou *Ás de bolboreta* (Xerais, 2009, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Xuvenil 2009 e Premio The White Ravens da Internationale Jugendbibliothek 2010), así como a triloxía que narra a intrépida viaxe de Leo A., un periplo por distintas cidades do mundo que lle permite descubrir que as cousas non sempre son como as soñamos. Esta triloxía, integrada polos títulos *Ámote Leo A. Destino xalundes* (Xerais, 2013), *Ámote Leo A. Estación de tránsito* (Xerais, 2014) e *Ámote Leo A. Terminal de chegadas* (Xerais, 2014), foi galardoada co premio Libro do Ano Infantil e Xuvenil 2013, outorgado pola Federación de Librarías de Galicia.

Nos últimos anos publicou tamén en Edicións Xerais de Galicia os libros infantís *A batalla da pequena Chañan Curi Coca*, *Orestes perde o sentido!*, *Tres bichicomas, dúas illas e unha serea* (Premio Agustín Fernández Paz de Literatura Infantil e Xuvenil para a Igualdade 2018), *Xelís, o guieiro das botellas de mar* (Premio Merlín de Literatura Infantil 2019), *Catro plumas de dinosauro* (2022) e *Faisca, a nena neandertal* (2024). En 2024 gañou o Premio Raíña Lupa de Literatura Xuvenil coa obra *Unha historia de amor coma outra calquera*, de próxima publicación.

ORGANIZAN

Consello da Cultura Galega

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

COLABORA

Concello de Rianxo

AGRADECEMENTOS

CMUS Profesional da Coruña

CMUS Profesional Xan Viaño de Ferrol

CMUS Profesional Xoán Montes de Lugo

CMUS Profesional de Ourense

CMUS Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra

CMUS Profesional de Santiago de Compostela

CMUS Profesional de Vigo

CMUS Profesional Felipe Paz Carbajal de Noia

CMUS Profesional de Ribeira Enrique Paisal

ESMU Municipal de Porto do Son

ESMU Municipal de Carnota

ESMU Municipal de Santiago de Compostela

EMUSPR de Rianxo

Consorcio para a Promoción da Música (Coro Infantil OSG)

Coro da Escolanía da Catedral de Santiago de Compostela

Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstol de Bos Aires

DESEÑO E MAQUETAXE

Raquel Boo

IMPRESIÓN

Agencia Gráfica

D. L.: C 803-2025

Impreso en papel reciclado



NO BICO UN CANTAR **RIANXO 2025**

